



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 29 de outubro de 2019

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a Elena Espinosa Mangana
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas do día vinte e nove de outubro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(940).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(941).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS AUXILIARES NECESARIOS PARA O FUNCIONAMENTO DUN AULA DE ESTUDIO SITA NO EDIFICIO DO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS. EXPTE. 23062/332.

Dáse conta do informe-proposta de data 29/10/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRJSP)
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Regulamento (CE) nº 213/2008 da Comisión do 28 de novembro de 2007 polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se aproba o vocabulario común para contratos públicos (CPV)), e as Directivas 2004/17 / CE e 2004/18 / CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os procedementos para os contratos públicos, con respecto á revisión do CPV.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio auditorio-pazo de congresos (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio auditorio-pazo de congresos (PPT).



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 9 de maio de 2019, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), entre outros asuntos, acordou a aprobación do expediente de contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-pazo de congresos (expediente 23.062-330), a autorización do gasto correspondente e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- En data 13 de maio de 2019 publicouse o anuncio de licitación no Diario Oficial da UE e no perfil de contratante do Concello de Vigo, comezando o prazo de presentación de ofertas ó día seguinte.

Terceiro.- En data 23 de maio de 2019 a XGL rectificou o apartado 6 do Anexo I (FEC) do Prego de cláusulas administrativas particulares. En consecuencia, o 6 de xuño de 2019 publicouse un anuncio de ampliación do prazo de presentación de ofertas no Diario Oficial da UE e no perfil de contratante do Concello de Vigo.

Cuarto.- Durante o prazo de licitación presentaron oferta os seguintes operadores económicos:

1. SERVICIOS SECURITAS, S.A.
2. SAMYL. S.L.
3. RANDSTAD PROJECT SERVICES
4. INTEGRA MANTEMENTO XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO DE GALICIA, S.L.
5. ALIANZAS Y SUBCONTRATAS, S.A.
6. DIMOBA SERVICIOS, S.L.
7. EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, S.A.
8. MULTISERVICIOS EMPRESARIALES LARGO, S.L.
9. GRUPO SIFU GALICIA, S.L.

Todos eles resultaron admitidos neste procedemento por acordo da mesa de contratación de 22 de xullo de 2019.

Quinto.- En data 12 de agosto de 2019, a Mesa de Contratación acordou iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con SAMYL, S.L., MULTISERVICIOS EMPRESARIALES LARGO, S.L. e EULEN CEE, S.A., por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade.

Sexto.- En data 12 de setembro de 2019, a Concelleira delegada de Contratación, por delegación da XGL en acordo de 20 de xuño de 2019, acordou:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 6 de agosto de 2019, de GRUPO SIFU GALICIA, S.L., por exceder a súa oferta económica o orzamento base de licitación correspondente á parte fixa do contrato.

Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 9 de setembro de 2019:

1. SAMYL, S.L.
2. MULTISERVICIOS EMPRESARIALES LARGO, S.L.
3. EULEN CEE, S.A.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-Pazo de Congressos (23.062-332) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO	88,75
2	SERVICIOS SECURITAS, S.A.	88,05
3	RANDSTAD PROJECT SERVICES	65,02
4	DIMOBA SERVICIOS, S.L.	61,86
5	ALIANZAS Y SUBCONTRATAS, S.A.	37,11

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Sétimo.- En data 1 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno Local acordou:

“Adxudicar a INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO o procedemento aberto para a contratación de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-Pazo de Congressos (23.062-332) por un prezo total de 141.106,61 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 24.489,58 euros, e co seguinte detalle:

- *A parte fixa que engloba os custos laborais derivados dos servizos fixos que se prestan todo o ano, dos medios e materias necesarios para a prestación do servizo e os de xestión/organización ascende a 118.354,61 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 20.540,88 euros.*



Concello de Vigo

- *A parte variable constituída polos custos laborais derivados da prestación de servizos por incremento do horario da sala de estudos, e de servizos de conserxería en relación a eventos (900 horas/ano) ascende a 22.752,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 3.948,69 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Oitavo.- En data 3 de outubro de 2019, D. David García Plata-González, en nome da mercantil EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, S.A., mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante, TACGAL ou Tribunal), interpón recurso especial en materia de contratación contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 1 de outubro de adxudicación do contrato que nos ocupa. Este recurso foi desestimado polo TACGAL en resolución nº 239/2019 de 22 de outubro de 2019.

Noveno.- En data 21 de outubro de 2019, D. Fernando Soto Pastor, en nome e representación de SERVICIOS SECURITAS, S.A., mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do TACGAL interpón recurso especial en materia de contratación contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 1 de outubro de adxudicación do contrato.

Décimo.- En data 28 de outubro de 2019, a xefa do servizo de Educación, a solicitude do servizo de Contratación, emite informe sobre o presente recurso.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto do presente recurso a impugnación do acordo da Xunta de Goberno Local de 1 de outubro de 2019 de adxudicación do citado procedemento a INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, se ben da lectura do escrito de recurso dedúcese que se discute tamén a puntuación outorgada ó adxudicatario no informe de valoración das ofertas técnicas, asinado pola xefa do servizo de Educación o 31 de xullo de 2019, e aceptado pola Mesa de Contratación na sesión de 6 de agosto do mesmo ano. Este informe foi publicado no perfil de contratante do Concello Vigo o día 20 de agosto de 2019.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.



Concello de Vigo

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso prevense nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos neste recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, para os efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo neste informe no caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a non admisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.

- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

O recurrente impugna o acordo de adxudicación do contrato, que é un acto susceptible de recurso especial. Máis, da lectura do recurso, dedúcese que tamén impugna o informe de valoración das ofertas técnicas, que é un acto de trámite adoptado no procedemento de adxudicación, que decide directa ou indirectamente sobre a adxudicación e por tanto tamén susceptible deste recurso.

B) En relación cos requisitos subxectivos, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senón que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais, segundo a cal os licitadores ostentan lexitimación activa para recorrer.

O recurrente é indubidable que ostenta lexitimación activa pola súa condición de licitador.

C) Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recurrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:



Concello de Vigo

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderás solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ao que enviar, de conformidade coa disposición adicional decimoquinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- Cando se interpoña contra actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación o cómputo iníciarase a partir do día seguinte a aquel en que se tivo coñecemento da posible infracción.
- Cando se interpoña contra a adxudicación do contrato, o cómputo iníciarase a partir do día seguinte a aquel en que esta se lles notificou, de conformidade co establecido na disposición adicional décimoquinta, aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento.

O acordo de adxudicación foi notificado o día 1 de outubro de 2019. Por conseguinte, a presentación do recurso en data 18 de outubro prodúcese dentro do prazo conferido ó efecto.

No entanto, o informe de valoración do sobre B publicouse no perfil de contratante deste Concello o día 20 de agosto de 2019. En consecuencia, a presentación do recurso o día 18 de outubro é extemporánea.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso con respecto ó acto de adxudicación, pero non con respecto ó informe de valoración do sobre B. Se ben, por se o

Tribunal considera que debe admitirse o recurso con respecto a este acto de trámite tratarase o mesmo no fundamento xurídico seguinte.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

O recorrente impugna a adxudicación do contrato. As alegacións que formula son as seguintes:

1. A falta de motivación do acordo de adxudicación
2. A errónea valoración de determinados aspectos da oferta técnica do adxudicatario no informe de valoración do sobre B.

Examinaremos a continuación estas dous alegacións.

1.- A falta de motivación do acordo de adxudicación

Comeza o seu alegato o recorrente queixándose da falta de motivación do acordo de adxudicación, o cal xera inseguridade xurídica e conculca os principios de contradición e igualdade dos interesados no procedemento.

Esta administración mostra a súa desconformidade coas acusacións vertidas polo recorrente. Durante a licitación deste procedemento publicáronse no perfil de contratante do Concello, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, os diversos informes de valoración emitidos ó longo do procedemento de licitación. O informe de valoración das ofertas técnicas (sobre B) foi publicado o día 20 de agosto do ano en curso e o de valoración da proposición económica (sobre C) o día 16 de setembro do mesmo ano.

O acordo de adxudicación do contrato no seu fundamento xurídico segundo di que “A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 31 de xullo e 9 de setembro de 2019, respectivamente”. É dicir, o acordo remite os informes de valoración de ofertas, os cales tiñan sido publicados no perfil de contratante e polo tanto, eran coñecidos por todos os interesados.

É máis, o recorrente, salvo a afirmación xenérica de falla de motivación do acordo non apoia esta afirmación noutros datos, salvo na suposta incorrección do informe de valoración do sobre B. O certo é que, como xa dixemos no fundamento xurídico anterior ó analizar a concorrencia dos requisitos necesarios para a admisión do recurso, o momento para reclamar contra os actos de trámite que poideran influír na adxudicación do contrato era o prazo dos quince días seguintes a súa publicación, feito que non se produzo.



Concello de Vigo

Sobre a motivación do acordo de adjudicación, existe unha doutrina xurisprudencial e doutrinal, emanada dos tribunais administrativos especiais en materia de recursos contractuais, que considera que é válida a motivación referida ós informes de valoración, sempre que estes fosen públicos e puidesen coñecer os interesados. Incluso non se aprecia indefensión nos casos nos que non publicándose os mesmos, obran no expediente e o recurrente tivo acceso a este. É preciso por de releve que no presente caso o recurrente solicitou o acceso o expediente, e compareceu nas dependencias do servizo de Contratación a examinalo, tal e como manifesta no seu escrito de recurso. Por todas citaremos a Resolución nº 18/2019 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, de 11 de xaneiro de 2019, dí ó respecto que:

“Este Tribunal ha analizado en numerosas Resoluciones la cuestión relativa a la motivación de la adjudicación de los contratos que ha de contenerse en los actos de notificación remitidos a los licitadores, pudiendo citarse a este respecto, entre otras muchas, las Resoluciones 199/2011, de 3 de agosto de 2011, 272/2011, de 10 de noviembre de 2011, 334/2011, de 27 de diciembre de 2011, 62/2012, de 29 de febrero de 2012, 47/2013, de 30 de enero de 2013, 103/2012, de 9 de mayo de 2012 y 288/2014, de 4 de abril de 2014. Tal y como se expone en esas Resoluciones, “es doctrina reiterada de este Tribunal que la notificación del acto de adjudicación ha de estar motivada de forma adecuada, pues de lo contrario se estaría privando al licitador notificado de los elementos necesarios para configurar un recurso o reclamación eficaz y útil, produciéndole por ello indefensión. Para estimar que la notificación se halla adecuadamente motivada, ésta al menos ha de contener la información suficiente que permita al licitador conocer las razones determinantes de la adjudicación del contrato a otra empresa, a fin de que pueda contradecirlas mediante la interposición del correspondiente recurso o reclamación adecuadamente fundado. Con carácter general, la motivación de los actos administrativos no precisa ser un razonamiento exhaustivo y pormenorizado en todos sus aspectos y perspectivas, bastando con que sea racional y suficiente, y con que su extensión sea de amplitud suficiente para que los interesados tengan el debido conocimiento de los motivos del acto para poder defender sus derechos e intereses, pudiendo ser los motivos de hecho y de derecho sucintos siempre que sean suficientes, como declara la jurisprudencia tanto del Tribunal Constitucional como del Tribunal Supremo (por todas STC 37/1982, de 16 junio, SSTs de 9 junio 1986, 31 de octubre de 1995, 20 de enero 1998, 11 y 13 de febrero, 9 de marzo 1998, 25 de mayo 1998, 15 de junio de 1998, 19 de febrero 1999, 5 de mayo de 1999 y 13 enero 2000).

Por lo tanto, el parámetro de referencia es el de proporcionar al licitador elementos suficientes para conocer las razones de la decisión adoptada, permitiéndole impugnar aquélla, como aquí ha tenido lugar.

Consta en el expediente, y así se ha reconocido por el reclamante, que con carácter previo a dictarse la resolución de adjudicación (de fecha 31 de octubre de 2018), con fecha 29 de

octubre de 2018, dicho reclamante tuvo acceso al expediente administrativo y a la valoración técnica correspondiente a cada una de los licitadores, así como al documento complementario explicativo de las valoraciones y al informe de auditoría sobre el procedimiento de valoración, interesándose especialmente en dicho examen por la valoración técnica obtenida tanto por ella como por el adjudicatario, haciéndole

entrega a la misma de la documentación al respecto tal y como lo acredita el acta de vista del expediente de contratación de la licitación en cuestión.

(...)

Por lo tanto, todo ello permite concluir que el acuerdo se halla debidamente motivado,

habiendo tenido el licitador ahora reclamante acceso a la información necesaria para comprender la decisión adoptada, independientemente de que esté o no de acuerdo con

aquella.

Concurre precisamente lo dicho por este Tribunal en Resolución no 68/2016, de 29 de enero que refleja el propio reclamante en su escrito:

Ahora bien, esta exigencia de la incorporación de los informes, contenida en el mentado artículo 89.5 "in fine", ha sido matizada por la jurisprudencia de este Tribunal Supremo Sentencias de 21 de noviembre de 2005, 12 de julio de 2004, 7 de julio de 2003, 16 de abril de 2001, 14 de marzo de 2000 y 31 de julio de 1990- en el sentido de considerar que si tales informes constan en el expediente administrativo y el destinatario ha tenido cumplido acceso al mismo, la motivación mediante esta técnica "in aliunde" satisface las exigencias de la motivación, pues permite el conocimiento por el receptor del acto de la justificación de lo decidido por la Administración".

2.- A errónea valoración de determinados aspectos da oferta técnica do adxudicatario no informe de valoración do sobre B

Sobre esta alegación solicítouse informe o servizo xestor, que se reproduce a continuación:

"Este informe centrase nas alegacións que se fan respecto do informe de valoración das ofertas presentadas sobre criterios avaliábles mediante xuízo de valor asinado pola xefa do Servizo de Educación en data 31-07-2019:

1.- Puntuación extra de conceptos que non son valorables en favor da adxudicataria no apartado 7.A.1. da FEC. Estrutura organizativa.

O recurso transcribe o recollido no apartado 7.A.1. da FEC, e concreta os puntos de desacordo da valoración da oferta da empresa Integra CEE nos seguintes:

1.1.- *Que integra establece un horario de apertura de 8.30 a 21.30 que comprende media hora para a apertura e peche.*

O PPTP establece que "A Aula de estudos deberá permanecer aberta en horario habitual entre 09.00 horas e 21.00 horas o que supón un total de de 4.680,00 horas anuais (tense en conta o tempo de preparación para a apertura e peche) coa presenza cando menos dunha/dun profesional encargado de realizar as labores previstas no PPT."



Concello de Vigo

*Este apartado desenvólvese na Memoria do contrato nos seguintes termos: “Así mesmo, se require unha execución efectiva dun horario de preparación previa a apertura ao público como mínimo de 15 minutos antes e despois do horario xeral.” Sinalase pois que ese tempo de 15 minutos é o **mínimo** esixible.*

A empresa Integra CEE oferta unha mellora na súa prestación, xa que incrementa o tempo de preparación previa a apertura e o tempo de peche das instalacións en media hora. Este tempo permite un maior control para a revisión do estado do inmovible antes da súa apertura e revisión ao finalizar, debe terse en conta que é un edificio moi grande que conta con moitas aulas e instalacións.

1.2.- *No recurso sinalase que: “ La empresa Integra CEE “indica que estarán directamente en contacto con el contrato: el delegado de Vigo, el gerente para el servicio, la jefa del servicio y un encargado general, (todos disponibles 24 horas 365 días)”*

O recorrente alega que non se pode valorar este aspecto por canto no informe de 9 de outubro sobre a documentación presentada pola empresa EULEN CEE para xustificar a súa oferta económica sinalase que a dispoñibilidade dos mandos da empresa non era xustificable dentro da proposta económica realizada e que non se pode ir agora contra os seus propios actos para valorar uns conceptos que non consideraba xustificables anteriormente.

O recorrente está mesturando o informe de 09-10-2019 sobre a xustificación dunha empresa incurso en presunción de baixa temeraria, cun informe de xuízo de valor sobre Plan de organización e calidade do servizo no que non compre entrar na análise dos aspectos económicos senón organizativos. Debe terse en conta que no momento de emisión do informe sobre criterios avaliábeis mediante xuízo de valor en data 31-07-2019 non se coñecían as ofertas económicas realizadas polas empresas. Por outro lado, a empresa Integra CEE non está incurso en temeridade, a súa oferta económica é moi superior á de empresa EULEN, e polo tanto non houbo que esixirle que xustificara estes custos salariais.

Como xa se indicou o informe sobre criterios avaliábeis mediante xuízo de valor é de data 31-07-2019 e o informe sobre a xustificación da baixa temeraria da empresa EULEN é de 09-10-2019 polo que non pode falarse de que o informe de xuízo de valor que agora se discute vai en contra dos propios actos refiríndoo a un informe posterior.

Compre significar que a puntuación por este apartado que busca coñecer como o contratista pretende organizar a prestación do servizo é unha puntuación global que valora o aspecto organizativo no seu conxunto.

Examinada de novo a proposta organizativa de INTEGRA CEE a técnica que subscribe ratifícase na puntuación outorgada no apartado “a) Estrutura organizativa”.

2.- Apartado 7.A.1.B da FEC, Plan de información relacionado coa prestación do servizo e a periodicidade da mesma.

O recorrente di que se valoraron conceptos que pertencen a outros apartados co cal outorgouse unha puntuación extra que non corresponde á favor da adxudicataria.

No informe de valoración de criterios avaliados mediante xuízo de valor de 31-07-2019ponse de manifesto que este apartado está un pouco desordenado, por canto o plan de información centrase nas reunións.

Os informes a presentar (mensual, trimestral, memoria anual e outros informes requiridos) detállanse un pouco máis adiante, no seguinte apartado.

Esta falta de orden posta de manifesto no informe de valoración supuxo unha severa redución da puntuación neste apartado, sendo a puntuación outorgada de 2.5 puntos, a metade da puntuación deste apartado que podería valorarse ata 5 puntos. En ningún caso valorouse como positivo o que é obxecto de crítica no propio informe. Puntuación na que se ratifica a técnica que subscribe”.

È preciso reiterar que o recorrente non discutiu esta valoración ata que se produzo a adxudicación do contrato e non resultou adxudicatario, polo que non procede discutila neste intre.

Dado que na presente alegación discútese o contido dun informe que valora criterios de adxudicación valorables mediante xuízo de valor, é preciso aclarar que á hora de valorar cuestións técnicas os funcionarios gozan dun certo nivel de **discrecionalidad técnica**, a condición de que respecten os principios de legalidade, imparcialidade e interdicción da arbitrariedade que debe rexer a súa actuación administrativa por imperativo do artigo 103 da Constitución española. E os actos non regulados, nos que a Administración, e en consecuencia, os seus funcionarios, exercen potestades discrecionales, como ocorre cos citados informes técnicos deben ter como obxectivo último satisfacer o interese xeral. Este criterio responde a unha xurisprudencia consolidada, recollida tamén na doutrina dos tribunais administrativos especiais en materia de contratación pública. Nesta liña, o TACRC admite este criterio, na Resolución nº 42/2011, ditada no Recurso nº 27/2011 ao dicir que “*La Administración dispone de un cierto nivel de discrecionalidad en la apreciación de las cuestiones de carácter técnico que no son controlables desde el punto de vista jurídico. Ello no significa que en los temas de carácter técnico la Administración pueda apreciarlos libremente, pero sí que el control de legalidad no puede ir más allá de determinar sí en la apreciación y valoración de tales extremos se ha actuado sin discriminación entre los licitadores de tal forma que los criterios de valoración aplicados a unos no hayan sido diferentes de los aplicados a otros, que no se haya incurrido en error patente en la apreciación de las características técnicas valoradas y que, finalmente, no se haya producido ninguna infracción legal en el cumplimiento de los requisitos y trámites del procedimiento de valoración. Este criterio, por otra parte, responde a una Jurisprudencia sobradamente reiterada y consolidada*”. Ou na resolución 42/2013 “*En este sentido debe apuntarse que, de conformidad con la jurisprudencia de el Tribunal Supremo, y como ha tenido ocasión este Tribunal en distintas Resoluciones de señalar, sólo en aquellos casos en que la valoración efectuada por la Mesa de contratación deriva del error, la arbitrariedad o el defecto procedimental cabría entrar en su revisión, sin que se trate, a la hora de apreciar la posible existencia de error en la valoración, de realizar un análisis profundo de las argumentaciones técnicas aducidas por las partes sino más exactamente y tal*



Concello de Vigo

como la jurisprudencia ha puesto de manifiesto, de valorar sí en la aplicación de el criterio de adjudicación se ha producido un error material lo de hecho que resulte patente de tal forma que pueda ser apreciado sin necesidad de efectuar razonamientos complejos”.

Aplicando esta doutrina ó presente caso podemos concluir que para cuestionar a discrecionalidade técnica da xefa do servizo de educación é preciso xustificar que o seu informe incorre en error material, arbitrariedade ou discriminación inxustificada. No entanto, o reclamante non aduce ningún destes aspectos, se limita a manifestar que procedería valorar doutro xeito, na súa opinión. Examinado o informe cuestionado, desprendese que as ofertas foron valoradas consonte ó previsto no prego de cláusulas administrativas particulares e non se aprecia trato desigual ou discriminatorio entre os distintos licitadores e a puntuación dos mesmos é proporcional.

Á vista do exposto procede propoñer ó Tribunal a desestimación das alegacións formuladas polo recorrente.

-VI-

Conclusiones

Á vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso con respecto o acordo de adxudicación e a súa inadmisión con respecto á valoración da oferta técnica do adxudicatario por extemporaneidade.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamentos xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación do acordo da Xunta de Goberno Local de 1 de outubro de 2019 de adxudicación do procedemento a INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa o recorrente solicitou a suspensión do procedemento. Dado que é a suspensión do procedemento é imperativa en caso de impugnación do acordo de adxudicación esta Administración está conforme coa mesma.

-VIII-

Acordo

En mérito ao exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(942).- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN SISTEMA DE ACCESIBILIDADE WEB MULTIFUNCIONAL, PARA AS WEBS MUNICIPAIS VIGO.ORG, SEDE ELECTRÓNICA, TURISMO E TRANSPARENCIA. EXPTE. 8785/113.

Dáse conta do informe-proposta do 28/10/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a concelleira-delegada de Contratación, a titular de Asesoría Xurídica e o interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)

–Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas

–Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 10 de outubro de 2019 adoptou o seguinte acordo:



Concello de Vigo

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro dun “SISTEMA DE ACCESIBILIDADE WEB MULTIFUNCIONAL PARA AS WEBS MUNICIPAIS VIGO.ORG, SEDE ELECTRÓNICA, TURISMO E TRANSPARENCIA”

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación e asinado en data 09/09/2019

TERCEIRO.-Aprobar o Prego de Cláusulas Técnicas Particulares, de data 19/08/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

CUARTO.- Autorizar o gasto de 41.140,00 €, que inclúe un IVE de 7.140,00 € , dende o 15 de Setembro de 2019 , o cal se imputará ás seguintes partida e exercicio:

Partida	Exercicio	IVA	Base	Importe total
9207.6400003	2019	7.140,00 €	34.000,00 €	41.140,00 €

QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

II.- A través dunha consulta telefónica formulada o 28 de outubro de 2019 detectouse un erro no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) relacionado coa fórmula para a valoración do criterio previsto no apartado 6.A.5 do Anexo I -FEC- que se reproduce a continuación:

“5.- Prezo do mantemento anual do sistema, unha vez finalice o período de garantía, incluíndo prezo das licenzas necesarias, e polo menos 30 horas anuais de soporte funcional e actualización de regras: valorarase con ata 10 puntos

Para a valoración deste criterio utilizarase a fórmula prevista na cláusula 16 deste prego”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No caso que nos ocupa advertiuse un erro consistente en que o apartado 6.A.5 do Anexo I -FEC- remite ás fórmulas previstas na cláusula 16 do prego e estas fórmulas están deseñadas para valorar baixas ou incrementos de valores propostos pola Administración e neste caso non se propón ningún valor.

Ante a imposibilidade de aplicar a fórmula da cláusula 16, resulta necesario corrixir o referido apartado 6.A.5 do Anexo I -FEC- que quedará redactado como segue:

“5.- Prezo do mantemento anual do sistema, unha vez finalice o período de garantía, incluíndo prezo das licenzas necesarias, e polo menos 30 horas anuais de soporte funcional e actualización de regras: valorarase con ata 10 puntos

Outorgaranse 10 puntos á oferta que propoña o prezo máis baixo, 0 puntos á que propoña o prezo máis alto, e o resto das ofertas valoraranse proporcionalmente.

Segundo.- Tendo en conta que o erro do PCAP se detectou un día antes do fin do prazo de presentación de proposicións considérase oportuno ampliar o prazo en cinco días.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP.

ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Rectificar o apartado 6.A.5 do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares aprobado o 10 de outubro de 2019 que quedará redactado como segue:

“5.- Prezo do mantemento anual do sistema, unha vez finalice o período de garantía, incluíndo prezo das licenzas necesarias, e polo menos 30 horas anuais de soporte funcional e actualización de regras: valorarase con ata 10 puntos

Outorgaranse 10 puntos á oferta que propoña o prezo máis baixo, 0 puntos á que propoña o prezo máis alto, e o resto das ofertas valoraranse proporcionalmente.

2º.- Ampliar o prazo de presentación de ofertas en 5 días, rematando o 4 de novembro de 2019.

3º.- Publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

ME.



Concello de Vigo

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez